

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e o Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (en diante "CITMAGA"),

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar co CITMAGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e o CITMAGA nas accións dirixidas ao asesoramento nas tecnoloxías relativas á intelixencia artificial, o procesamento da linguaxe natural e as bases de datos no campo do proxecto EdugallA coa finalidade de deseñar plataformas dixitais que axuden á loita contra o fracaso escolar e abandono educativo temperán.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que dediquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir *"apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas"*.

Que o CITMAGA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión constituírse como piar de excelencia dentro do ecosistema de innovación e investigación e tecnoloxía Matemática de Galicia, atraendo e retendo talento, cun forte compromiso coa transferencia de coñecemento e dotando á sociedade e industria galega e española de vantaxe competitiva e sostible a través do acceso a tecnoloxías innovadoras de primeiro nivel e que ten por obxecto:

- a) Fomentar o estudo, a investigación e a difusión social das Ciencias Matemáticas e das súas aplicacións, así como promover o apoio ás mesmas.
- b) A mellora do sistema educativo e científico español.



Para levar a cabo estes fins, o CITMAGA prestará asesoramento na vertente científica e prestará a súa colaboración na difusión de información a través de estudos que resulten de interese para a comunidade tanto científica como educativa no marco do citado proxecto EdugallA.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da loita contra o abandono escolar e o abandono educativo temperá, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

